

A Segunda República sesenta anos despois

□ Ruíz Berrio: "Nesa época deuse prioridade á educación popular"

O 14 de abril cúmplense sesenta anos da implantación da Segunda República. A pesares do tempo transcorrido segue a ser un punto de referencia para emprender calquera reforma no sistema educativo, non para imitar, posto que cada xeneración debe forxar a súa propia historia, senon para construí-la historia sobre a base do coñecemento e non sobre a improvisación. Construí-la historia sabendo que moitas formas e moitas reformas xa foron intentadas no pasado, sabendo se tiveron éxito ou non e porque o tiveron ou porque fracasaron. "Na Escola" sempre foi sensible á lembranza deste evento, seguindo un proceso que recomendarían os grandes pedagógos, xa que partimos do próximo, do coñecido, para chegar ó global, á interpretación histórica do conxunto.

O 14 de abril de 1988 coincidía co comenzo do suplemento, saía o segundo número, e procedía entroncar ca renovación republicana local e para elo nada mellor ca un "saúdo dos predecesores" a cargo de Armando Fernández Mazas. O segundo ano, sen perder de vista as experiencias educativas ourensáns, contamos cunha visión de conxunto saída da pluma de Herminio Barreiro. No terceiro ano non saía o suplemento por estas datas. E xa neste carto ano pretendemos coñecer a opinión do profesor Ruíz Berrio sobre problemas educativos sometidos a debate polo actual Ministerio de Educación e que xa foran afrontados polo equipo de Marcelino Domingo.

Con él entrevistámonos no pasado mes de marzo en Madrid e preguntámoslle en primeiro lugar se a Segunda República foi un acontecemento suficientemente relevante como para constituir nestes días un centro de interés escolar.

—A Segunda República sí pode constituir un importante centro de interés escolar. Trátase dun período especial da Historia de España, no que se deu paso a unha experiencia democrática, descoñecida até entón para o pobo español. As aventuras e desventuras desa República poden ser unha magnífica lección de educación cidadá para os nenos e os xoves de hoxe, sempre e cando se perfilen obxetivamente os principais feitos do período e, sobor de todo, sempre que se sinalen con claridade os valores cívicos que se practicaron e os que se negaron ou descuidaron.

—¿Cal crees que é a principal lección que poden desprender os alumnos deste tema?

—E certo o principio de que a historia non se repite, pero o home sí que se repite..., se non recibe as leccións pertinentes das coxunturas históricas. Os nosos xoves hai que lembrarlles a fe e o agarimo con que unha inmensa maioría do pobo recibiu o novo réxime o 14 de abril. Pero hai que lembrarlles tamén que nos días inmediatamente seguintes cometéronse moitas torpezas por falla de serenidade entre os gobernantes e as forzas vivas, e de falla de solidariedade entre os diversos pobos do Estado. E, especialmente, escollería esta data para re-

cabar de todos a necesidade que seguimos tendo de súas virtudes que permiten forxar ós pobos na liberdade: a democracia é a tolerancia.

—Entón, ¿considera que pode aproveitarse este día para conmemoral-la constitución republicana como unha das datas máis avanzadas que tivemos?

—Efectivamente, pode aproveitarse, poden extraerse leccións importantes da Constitución republicana. Agora ben, depende das edades. Isto é correcto no caso dos adolescentes. Para os máis novos, abonda con darlle a coñecer a Constitución actual, que a entendan e que a estudien a fondo, e que sexan conscentes do importante que é sempre que se respete.

Educación popular

—¿Qué significación tén a experiencia educativa republicana entre os acontecementos da historia da educación contemporánea?

—A República preocupouse da educación dun xeito especial, dando prioridade na súa política oficial á educación popular. E para potencia-la arbitrou dúas estratexias que xulgo acertadas: por unha banda, mellorou o ensino primario en cantidade e en calidade; por outra banda, estableceu e fo-

mentou diversas institucións específicas da educación popular. Convén lembrar que a educación republicana foi obra dunhas xeneracións extraordinarias, nada menos cás da idade de prata. Por elo, non nos extrana que souperan e quixeran deseñar unha política que era fundamentalmente pedagóxica. Sen embargo, faltou realismo á hora de gobernar e, o que é peor, non tivo continuidade.

—Se reducimos a experiencia anovadora ós dous primeiros anos que durou poidera parecerse pouco tempo para facer algo extraordinario. Sen embargo, fíxose, por exemplo, o plan profesional do Maxisterio ou a posta en marcha dos estudos de Pedagogía. Empezando pola primeira ¿cree que é posible na actualidade establecer un modelo de F.P. do alcance que tivo o proposto por Marcelino Domingo no 1931?

—Polas circunstancias históricas da involución que tivemos que padecer nos anos seguintes, non se voltou te-la altura de plan proposto por Marcelino Domingo, até coarenta anos despois. O que supuxo un retraso importante nos mestres e no nivel cultural do país. Pero, hoxe en día, coido que a nosa meta non está na volta ó plan profesional. O que apuntaba Marcelino Domingo era unha formación universitaria, de cali-



Berrio asistiu ó VII Coloquio Internacional da Historia da Educación.

dade, dos mestres. E esa calidade, hoxe, pasa por establecer o título de licenciado naquelas especialidades correspondentes.

—Indo co segundo problema, ¿qué ten cambiado e qué falla para cambiar na pedagogía española?

—Coido que o nivel científico dos distintos campos das Ciencias da Educación mellorou notablemente nos derradeiros 15 ou 20 anos. Coido que se parecen ben pouco os licenciados de Pedagogía de fai vinte anos ós de agora, entre outras cousas por que as seccións de Pedagogía sufriron unha transformación espectacular. A práctica que adquiriran estos licenciados modernos sí que terá un valor, e parecerase pouco á rutina dos que contaban cunha rudimentaria formación teórica, sen máis. De todolos xeitos, hai que cambiar bastantes cousas na pedagogía española. Por unha banda, porque entendo que un pedagogo é o primeiro en

necesitar dun cambio permanente. Por outra banda, porque aínda hai moita dosis de especulación, de febleza científica, de ideoloxía trasnoitada ou de falla de ideoloxía. Isto por parte dos profesionais. Por parte das autoridades e institucións comprometidas, compre cambiar tamén. Especialmente non confundir a democracia coa irresponsabilidade científica nos diversos planos da institución docente.

—¿Qué fenómeno destacaría en toda a historia contemporánea da educación en Galicia?

—Eu detecto na historia de Galicia, como rasgo moi peculiar, un esforzo grande e continuado dalgúns grupos de intelectuais progresistas ou ben de sectores do pobo galego, como indianos emigrantes de ultramar, por elevar o nivel cultural da poboación galega e moderniza-lo proceso educativo.

—¿Pode resumirnos as aportacións, os obxetivos inmediatos e ámbitos de traballo dos historiadores da educación?

—A.S.E.D.H.E. pretende fomentar e desenrolar o estudio histórico da Educación en España. E, neste senso, a traverso dos seus congresos e publicacións, está tratando de establecer unha infraestrutura historiográfica sobre o caso español, ó tempo que intenta animar o proceso de modernización que está caracterizando nos últimos vinte anos a elaboración da historia da educación e a súa didáctica. Os obxetivos do futuro inmediato pódense contemplar en dous grupos: por unha banda, a avaliación do acadado até agora en canto a métodos, temas, técnicas, instrumentos, etc..., para facer mellores historiadores da educación. Por outra banda, a preocupación polo lugar e o enfoque desa historia da educación, historia da escola, historia da alfabetización, historia da educación social... nos plans de estudio de Pedagogía.

XOSE MANUEL CID

CURRICULUM

Ensinante e escritor

Julio Ruíz Berrio é catedrático de Historia da Educación española na Facultade de Educación da Universidade Complutense de Madrid, despois de ocupar durante varios anos a cátedra e a dirección do Departamento de Ciencias da Educación na Universidade de Oviedo, o que lle permitiu conectar coa Historia da Educación asturiana e mesmo coa galega, apuntándose a dirección de media dúcia de teses de doutoramento sobre a historia da educación en Galicia.

E presidente da Sociedad Española de Historia de la Educación, promotora de múltiples investigacións histórico-pedagóxicas e de congresos, encontros, xornadas e coloquios para o debate de ditas investigacións pedagóxicas. O derradeiro celebrado o pa-



sado ano na cidade de Santiago de Compostela, sobre o tema xenérico "Muller e educación". Dende a sociedade, o profesor Ruíz Berrio ven potenciando a coordenación internacional, formando parte da Internacional Stading Conference on History of Education e doutros organismos internacionais.

E autor de diversos libros, artigos e publicacións sobre a historia da educación española, destacando o importante tratado sobre o tema "Política escolar en España en el siglo XIX (1808-1833)", textos pedagóxicos hispanoamericanos, "Historia de la educación" (Universidad Nacional de Educación a Distancia) e "Histoire mundial de L'Educa-ción", estes en colaboración con outros expertos no tema educativo.



Portada do libro editado pola Deputación. Agustín Escolá (segundo de pe) e José Mª. Hernández (terceiro de pe) no VII Congreso de Hª da Educación.



A Segunda República e a escola por dentro

□ A Deputación salmantina edita "Cien años de Escuela en España"

Unha exposición e un libro magníficamente presentado e historicamente ben traballado sobre "Cien años de Escuela en España (1875-1975)", constitúen uns elementos importantísimos para darse conta do que supuxo a Segunda República dentro de escola, nos materiais utilizados polos centros de ensino privado, nos libros, nos métodos, nos espazos, no mobiliario, tradicións e renovación do aparato escolar.



Portada de algúns libros de texto.

A actividade estivo dirixida por un equipo de historiadores da educación da Universidade de Salamanca, coordinados por José María Hernández Díaz e Agustín Escolano Benito, éste que, ademais de catedrático na materia, é deputado provincial de Cultura.

Os cen anos elexidos engloban períodos cruciais na nosa historia escolar, períodos vivos, dos que podemos ter aínda testemuña oral na meirande parte dos casos: a Restauración que, ó longo de cincuenta largos anos, viu nacer ás xeneracións culturais máis dinámicas e significativas da historia; os homes do 98, os do 14, os do 16, os do 27, os do 31. Nesta etapa boto de menos, particularmente, a falla de referencias á escola moderna do catalán Ferrer i Guardia, e ó laicismo escolar posterior, así como ás aportacións dende Galicia, propiciadas pola labor dos emigrantes galegos en América.

Líderes

A República, que puxo en acción a base doctrinal destas derradeiras xeneracións citadas, especialmente a do catorce, con líderes como Azaña, Llopiu ou Luzuriaga, e a do dezasés, polo que respecta a Galicia, con toda a xeneración denominada nacionalista que renaceu nesas datas, finalmente o franquismo, a volta atrás, con varias etapas que van dende a postguerra ó reformismo dos anos setenta.

Desta obra xenial que resulta da exposición, podemos reproducir textos e documentos que nos permitan entender a evolución do noso aparato educativo dende a Segunda República até 1975. A partir de ahí será outra historia, historia da que moitos somos protagonistas pa-

sivos ou activos. Dende hai algúns anos resultou chamativo para o investigador o interese que a Segunda República concedeu ós temas culturais, ós educativos e, en particular, á escola primaria.

Numerosos traballos poñen de manifesto, ás veces con discrepancias notables, que o esforzo e atención dos gobernos republicanos pola mellora da escola primaria foi un dos máis importantes na historia escolar de España, sobre todo no primeiro bienio.

Agora ben, dende o punto de vista de interior da escola, hai que recoñecer que no conxunto non se modifica substancialmente respecto a etapas anteriores, con algunhas excepcións. E unha etapa curta e conflictiva, máis propensa a un debate ideolóxico que sae a engulir a práctica, obstaculizada por problemas económicos e con graves enfrontamentos de distintas concepcións políticas que chegan a afectar á cotidianeidade escolar.

Por elo, non pode extranarnos que, se ben é unha fase de confluencia de innovacións educativas anteriores, de certa maduración pedagóxica, elo non consegue traducirse nunha reforma xeneralizada dos mecanismos didácticos utilizados dentro do aula. Hai que recoñecer que non foron moitas as innovacións reais no interior da escola primaria, anque foron abundantes os proxectos e bons os desexos. As iniciativas máis salientables viñeron de certas escolas públicas e privadas de Barcelona e Madrid, que se erixen en punto de mira da renovación pedagóxica. Desta época datan as primeiras escolas de vran en Barcelona, a presenza de Freinet e a difusión do Movemento da Escola Moderna de España, a través de Herminio Almendros e outros

mestres innovadores. Son exemplos pouco representativos dunha escola primaria que, na súa meirande parte, permanecía anclada na rutina.

Dende o punto de vista material, a escola veuse algo beneficiada polas innovacións que viñera introducindo o Museo Pedagógico, dirixido por Cossío dende anos atrás.

A difusión do famoso pupitre anatómico, das técnicas hixiénicas, antropométricas, psicolóxicas, algo favorecen unha nova ecoloxía escolar.

A inauguración de bos edificios, algúns deseñados nos anos de Primo de Rivera, a elaboración dos libros infantís para formación na cidadanía ou o ensino de materias máis aplicadas (ciencias naturais, anatomía humana, química, por exemplo), novas concepcións da xeografía e a historia, este conxunto de detalles comenzan a perfilar un tipo de escola distinto que, polos motivos apuntados máis arriba, non chega a cuallar. A escola primaria da República é outro dos moitos ámbitos de debate ideolóxico propio do momento. Un exemplo significativo é a controversia sobre o uso e presenza de símbolos relixiosos no aula e actividades desta clase que reciben apoio e oposición, según as circunstancias.

Retorno ó pasado

O conflito bélico e os anos inmediatos da postguerra supoñen a desaparición, represión, depuración ou exilio de moitos mestres sensibilizados coas reformas escolares, notables dificultades económicas que impiden unha escola primaria digna, férreos controles ideolóxicos fronte a todo signo de influencia precedente da etapa anterior.



Portadas de libros de texto da época.

•••
Frente ó anterior retómanse os vellos valores: patria, relixión, familia, autoridades, exército.

O instrumental da escolas primaria nos anos da autarquía remítenos a décadas atrás, pola súa pobreza e elementaridade, pero aparecen novos mapas de corte patriótico, abundantes símbolos relixiosos e militares na iconografía escolar, diferentes tipos de libros de texto e manuais que inciden en lecturas históricas, educación da nena, catecismos, devocionarios, formación política de novo corte e menos presenza de libros vencellados a materias máis prácticas e científicas, como as ciencias naturais, a física e outras do estilo.

A análise de contido destas publicacións escolares confirma no plano interior da escola o perfil ideolóxico do novo Estado e os valores que se inculcan nela.

A enciclopedia, ben expurgada de temas e expresións alusivas á democracia e ó laicismo, volta a ser o libro de uso escolar máis habitual dos nenos nesta época.

Anos cincuenta

Os anos cincuenta manteñen un esquema semellante, se ben aprécianse lixeiras innovacións na produción editorial e na uti-

llaxe escolar. O máis salientable é, no obstante, o impulso que colle a escola confesional coa presenza de Ruiz Jiménez no Ministerio de Educación Nacional, como unha das consecuencias do famoso concordato coa Santa Sede.

O interior e a estrutura didáctica e organizativa desta escola primaria garda aínda grandes semellanzas coa que coñecemos de fin de século pasado.

Relativa apertura

Os anos sesenta introdúcenos non só no comenzo da liberación, nos procesos migratorios, no desenrolismo económico, senón tamén nun novo modelo de escola primaria, demandado pola nova sociedade en movemento e pola nova teoría pedagóxica.

Esta recolle tanto experiencias de corte tecnocrático, como recomendacións de organismos internacionais, ou o que se podería chamar certa flexibilidade política.

A creación no ano 1958 do chamado Centro de Orientación e Documentación Didáctica de Ensino Primario (CEDODEP), dirixido por Adolfo Maíllo, a elaboración dos ben coñecidos cuestionarios escolares no ano 1965, van ser instrumentos decisivos e esenciais para os cambios escolares que caracterizan ó final do franquismo,

recollidos na Lei Xeral de Educación de 1970.


As editoriais modifican o modelo, a presentación e contido dos novos manuais escolares a empregar, crean novos materiais de tipo audiovisual e dan paso ó uso masivo de materiais novedosos que até entón eran descoñecidos na escola primaria.

A reforma realizada no ano 1970 achéganos máis o que é a escola dos nosos días actuais, tropezoando con moitos atrancos para aplica-la lei, tanto por parte dos mestres, como polos pais e alumnos, a asimesmo ás inercias da propia Administración educativa.

Unha escola que, na súa estrutura organizativa e didáctica, rexíase polo modelo da Lei Moyano, promulgada no ano 1857, da paso a unha escola moi diferente que comenza a ter influencias técnicas e materiais e que se asemella ós modelos educativos doutros países do área accidental.

Outro contexto

Os novos aparatos e libros (no boom do denominado sistema de fichas individualizadas), sñn unha mostra de que se está noutro contexto técnico e pedagóxico, aínda que os modelos ideolóxicos da escola franquista mantéñense vivos na recta final.



BIBLIOGRAFIA

Libros de formación cívica e historia

Formación cívica:

- Solana, Ezequiel: "Fábulas educativas". Madrid. Magisterio Español. 1927
- Rodríguez Miguel, Mariano: "Lecciones del padre. Educación Moral y cívica". Burgos. Hijos de Santiago Rodríguez. 1905.
- Manrique, Gervasio: "Educación moral y cívica". Barcelona. Editorial Ruiz Romero. 1933.
- Terreros Sánchez, José y otros diputados a Cortes: "El Evangelio de la República. La constitución de la Segunda República española, comentada para niños. Madrid. Instituto Sampedro. 1932
- Onieva, José Antonio: "Héroes. Libro escolar de lectura". Burgos, Hijos de Santiago Rodríguez. 1951.
- Siurot, Manuel: "La nueva emoción de España". Libro de cultura patriótica popular". Burgo. Hijos de Santiago Rodríguez. 1944.
- Rodríguez Miguel, Mariano: "Las lecciones del padre. Educación moral y cívica". Burgos. Hijos de Santiago Rodríguez. 1955.
- Solana, Ezequiel: "Lecturas de oro. Colección de ejemplos, fábulas e historietas morales para niños". Madrid. Editorial Escuela Es-

pañola/Hijos de Ezequiel Solana. Primera edición en el año 1952.

Historia:

- Bosch Cusi, Juan: "Historia de España". Gerona. Dalmau 1928.
- Real Academia de la Historia: "Historia de España para uso de las escuelas primarias. Primer grado". Madrid 1930.
- García Medina, Eladio: "Historia de España". Madrid. Espasa Calpe. 1934.
- Torres Federico: "La historia del mundo contada a los niños". Barcelona. Salvat. 1935.
- Ortíz Muñoz, Luis: "Glorias imperiales. Libro escolar de lecturas históricas. Tomo I". Madrid. Magisterio Español. 1941.
- Fernández Rodríguez, Antonio: "Hombres y obras. Lecturas alentadoras a base de biografías comentadas". Burgos. Hijos de Santiago Rodríguez. 1940.
- Serrano de Haro, Agustín: "Yo soy español. Libro del primer grado de historia". Madrid. Escuela Española. 1958.
- Manzaneres Beriaín, Alejandro: "Tu patria. Lecturas históricas para los muchachos". Madrid. Hernando. 1957.

Do 2 ó 7 do vindeiro mes de maio, a Facultade de Humanidades de Ourense será escenario dunha exposición fotográfica adicada ó catalán Francisco Ferrer i Guardia e á Escola Moderna (1859-1909), e que está organizada polo colectivo Nova Escola Galega e as Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo. A exposición completárase coa proxección de varios vídeos sobre a época e, máis concretamente, sobre a coñecida como "semana trágica" de Barcelona; conferencias e mesas redondas. Está previsto que interveñan nelas, entre outros, o responsabe da exposición fotográfica Pere Solá; os historiadores Xabier Castro e Dionisio Pereira e os pedagógos Hermínio Barreiro, Antón Costa, A Fernández e Xosé Manuel Cid. Do 24 ao 29 do mesmo mes de maio a exposición fotográfica estará colgada na sede de Caixa Galicia en Pontevedra.



Alumnos e profesores da "Escuela Laica Neutral" no Ourense de 1926.

En maio, exposición fotográfica sobre Ferrer i Guardia e a Escola Moderna


□ Será acollida pola Facultade de Humanidades de Ourense

A Escola Moderna de Francesc Ferrer i Guardia é unha parada obrigatoria no percorrido pola historia contemporánea, sexa ésta social, das ideoloxías ou especificamente da educación; sexa internacional, española, catalana ou galega.

Ferrer i Guardia e a súa obra teñen este carácter multidisciplinar, coxuntural e universal. O seu fusilamento, ocorrido o 13 de outubro de 1909 en Montjuich, centrou a atención do mundo enteiro, uns para manifestar a súa repulsa e outros para aplaudilo. Uns e outros contribuíron a manter vivo o recordo de Ferrer e a difundir as súas ideas e experiencias liberais por todas partes.

Nacido en Alella (a 15 kilómetros de Barcelona) o 10 de xanerio do ano 1859, educouse nunha familia de pequenos propietarios rurais, católicos e monárquicos.

Diversas influencias e unha grande adicación ó estudio autodidáctico, mentras traballaba, fixeron del, en poucos anos, un militante republicano e librepensador. As dúas actividades políticas en favor do republicanismo de Ruiz Zorrilla costáronlle o exilio en París dende 1886 a 1901. Alí exerce en diversas profesións, ó tempo que estreita



Cartel anunciador da exposición.

relacións con outros exiliados e con círculos librepensadores e libertarios, sendo especialmente influenciado por estes últimos, en particular por Eliseu Reclus. Iníciase no mundo pedagóxico como profesor de español, chegando a escribir un libro sobre o tema "L'espagnol pratique", en 1895, e a traducir

moitas obras europeas ó castelán. Herdeiro en 1901 dunha considerable fortuna, funda a Escola Moderna. O contexto era favorable: o déficit escolar no Estado español mantiña na ignorancia a grandes masas de obreiros, campesiños e fillos da pequena burguesía; por outra banda, o control da escola por

parte de igrexa católica era contestado en moitos sectores; fronte á escola pública tradicional e á privada, a Escola Moderna era vangardista na súa metodoloxía, contidos e recursos pedagóxicos. Nos anos seguintes fundáronse máis de cincuenta escolas racionalistas, co respaldo de sociedades obreiras e círculos republicáns ou radicais de diverso signo.

Até 1909 sucedéronse diversas liortas entre os promotores das escolas e o poder establecido, con ameazas, peches, detencións e persecucións constantes, que teñen o seu punto máis dramático no fusilamento de Ferrer no ano 1909.

Despois deste evento, o sistema de escolas laicas e racionalistas non fixo máis que espallarse por todo o Estado e polo mundo enteiro.

Galicia non foi allea ó fenómeno do laicismo e do racionalismo escolar.

Xa no ano 1981, Antón Costa escribía na Revista "Man Común" un artigo sobre o tema, censando 19 escolas, moitas creadas co pulo dos emigrantes galegos. En 1989, o Concello de Ourense e Nova Escola Galega publican o traballo de Xosé Manuel Cid sobre "Apuntes da nosa historia escolar". No oitenta aniversario da Escola Laica de Ourense.

□ NOVAS

Homenaxe a Couceiro

Antonio Couceiro Freijomil foi obxecto dunha calurosa homenaxe no seu centenario, organizado por Pablo Díaz Novo na súa vila natal de Ponte-deume. Os actos que comenaron no 1988 rematan mañá coa presentación de dous libros, un cos orixinais do ilustre pedagogo e outro coletivo no que colaboran pedagogos, historiadores e filósofos, que analizan a súa obra interdisciplinar. A parte pedagóxica estivo a cargo de Xosé Manuel Cid, profesor de Pedagogía no Campus de Orense, e Luis Sobrado, da Universidade de Santiago. Couceiro foi inspector en Ourense de 1916 a 1936, ano en que foi desterrado. No exercicio da súa profesión introduciu notas de renovación pedagóxica e de galegitude, anque discrepaba dos nacionalistas ourensáns.

Claustro da Universidade

Hoxe ten lugar a constitución do Claustro da Universidade de Vigo, que terá como principal cometido a redacción dos estatutos. O grupo nacionalista Xerfa mantén unha semana de intensa actividade con reunións en Ourense, Vigo e na Cañiza, para debater en profundidade a súa alternativa.

Novo número de "Novapaz"

O número tres de Novapaz, editado polo grupo de educadores pola paz de Nova Escola Galega, correspondente a marzo e abril, da conta das interesantes publicacións sobre "Derechos Humanos" e "Nuevos juegos y deportes cooperativos", éste de Terry Orlick. Destaca o programa dos "V Encontros Galegos de Educadores pola Paz", que darán comenzo mañá en Camposancos (A Garda).

Deporte universitario

O equipo de balonmán da Facultade de Humanidades de Ourense acadou o carto posto no campionato universitario disputado en Vigo.

NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Xosé Manuel Cid (coordinador).

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

GARABULLINO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

